

Destinada a entidades e familiares de nenos con necesidades especiais

REPSOL COLABORA COA I XORNADA INFORMATIVA DE TERAPIAS ECUESTRES NA CORUÑA

- **A Asociación sen ánimo de Lucro CETECO (Centro de Terapias Ecuestres Coruña) organiza a xornada que se desenvolverá o 24 de setembro.**
- **Cinco especialistas de máximo nivel procedentes de distintas Comunidades participarán nesta iniciativa, que se celebra por primeira vez na Coruña.**

O presidente de CETECO, Luís Fernández, xunto á subdirectora de Persoas e Organización da Refinería de Repsol na Coruña, Dácil Suárez e a directora do Centro Ecuestre, Rose Meri Manke, presentaron esta mañá a I Xornada Informativa sobre as Terapias Ecuestres. Este evento desenvolverase o próximo 24 de setembro por primeira vez na Coruña e contará co aval da Fundación para o desenvolvemento das terapias ecuestres de Sevilla, e coa colaboración da Refinería de Repsol na Coruña.

Cinco especialistas de máximo nivel participarán nesta xornada que ten como obxectivo informar tanto a familiares como a Asociacións e público en xeral que teñan ou traballen con nenos con necesidades especiais, os beneficios que teñen este tipo de terapias así como a metodoloxía de traballo, profesionais e novas investigacións relacionadas con este ámbito terapéutico.

A Fundación Seoane acollerá esta xornada especializada o sábado desde as 10 da mañá, inaugurando a conferencia de Juan Vives Vilarroig, Máster en Logopedia e Psicopedagogía, autor do libro Intervención terapéutica asistida con cabalos e Autismo.

Tamén asistirá como relator o Dr. Andrés García Gómez, doutor en Psicopedagogía e director de varias investigacións sobre as terapias ecuestres e os seus beneficios sobre as persoas con necesidades especiais. É ademais membro do equipo de atención a alumnos con trastornos do espectro autista da Consellería de Educación da Junta de Extremadura.

Así mesmo, participarán Sandra de Soto Galván, Presidenta da Fundación para o desenvolvemento das Terapias Ecuestres de Sevilla e Máster en Neuropsicología, xunto a Antón Vázquez Cural, veterinario e director Técnico de PURAGA de

Santiago de Compostela e a directora do programa de Terapias de CETECO, Rose Meri Manke, Máster en Terapias Equestres.

A asistencia será gratuíta e dado que o aforamento é limitado, todas aquelas persoas interesadas en acudir á xornada poden solicitar a súa invitación a CETECO no tfno. 981.065880 ou no correo secretariaceteco@gmail.com. A Xornada desenvolverase en horario de 10 a 14 horas e de 16 a 18 horas.